



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1878 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4 DE ABRIL DE 2025.

- 1.- **APROBACIÓN ACTAS:** acta da sesión ordinaria do 31 de marzo de 2025.

ASESORÍA XURÍDICA

- 2.- Dar conta da relación de sentenzas e outras resolucións xudiciais. Expte. 18484/111.

CONTRATACIÓN

- 3.- Adxudicación da contratación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal. Expte. 10051/106.
- 4.- Adxudicación da contratación do subministro das licenzas de actualizacións e mantemento do servidor base de datos Informix e Backup corporativa TSM Spectrum Protect . Expte. 10535/113.

SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 5.- Subvención nominativa á Asociación Orquestra Vigo 430 para o financiamento do ciclo de concertos da tempada 2025- 20º Aniversario. Expte. 5966/330.

SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS

- 6.- Expediente de contratación do subministro de equipamento para os ximnasios dos parques do Servizo de Extinción de Incendios. Expte. 7274/213.

SERVIZOS XERAIS

- 7.- Requirimento previo á Deputación Provincial de Pontevedra para a modificación da Resolución do 14 de marzo de 2025, pola que se aproba a xustificación do investimento do convenio para cesión da titularidade da “E.P. 2001 Calvario a Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto, entre regato Quintián e o nº 77 da Estrada do Porto”. Expte. 2280/441.
- 8.- Expediente de contratación das obras do proxecto de “Reparación do muro de contención de terras da piscina municipal de Travesas”. Expte. 2249/441.
- 9.- Expediente de contratación das obras do proxecto de "Reconstrución do muro de contención no Parque Nelson Mandela, Navia". Expte. 2236/441.
- 10.- Expediente de contratación das obras do proxecto "Análise técnico e execución dos traballos de reparación de muro de contención perimetral e o talude no campo municipal de fútbol Sárdoma – Moledo”. Expte. 2211/441.
- 11.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Alcaldía o día **4 de abril de 2025, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1878 /1102

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez